

Un traballo de documentación do patrimonio: o inventario do Conxunto Etnográfico do Cebreiro

Bibiana Castro Ramil

O poboado do Cebreiro é un dos fitos patrimoniais máis recoñecidos e visitados en Galicia, convertido nun enclave turístico de primeira orde a partires da promoción da ruta xacobea. Constitúe tamén un conxunto histórico, etnográfico e museístico, un Ben de Interese Cultural integrado (a estes efectos e sen prexuízo da súa afectación polo Camiño de Santiago), por catro pallozas de propiedade estatal –Ministerio de Cultura– que ten transferida a súa xestión á Comunidade Autónoma galega e que conta cun «museo» instalado nunha destas pallozas. Neste lugar desenvolveuse nos dous últimos anos –2004 e 2005– e por espazo de cinco meses en cada un deles unha bolsa de colaboración coa Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo –agora Cultura e Deporte– para a revisión do inventario dos fondos da colección moble, bolsa que deu lugar ao presente texto.

A denominación de «conxunto etnográfico» que recibe debe ser considerada tendo en conta que só a chamada palloza «museo» está aberta ao público de xeito habitual. A mosca unha colección visitable de obxectos distribuídos sen aplicar criterio museográfico algún, non sendo que a ubicación das pezas se relaciona coa súa posición orixinal de uso. Así, non hai paneis explicativos nin cartelas indicando alomenos a denominación das pezas, polo que a información que poida proporcionar o Garda do conxunto, xunto cunha nota na porta indicando os horarios de apertura ao público, é a única información para os seus numerosos visitantes, 46.000 no ano 2004, sen dúbida pola grande popularidade e

promoción «turística» acadada pola relación do lugar co Camiño Francés de Santiago. Atender as súas necesidades conlevou a aparición tanto no poboado como na veciña Pedrafita de novas formas de vida baseadas nos recursos económicos aportados polo sector servizos. A imaxe do Cebreiro é, para estes visitantes, a dun hábitat primitivo, afín ao ámbito dos celtas e ás lendas do Santo Grial e no que, ademais de descanso e disfrute da paisaxe, atopan as *pallozas*, construcións nas que segundo lles contan, ata hai pouco aínda vivían os homes xunto ás bestas, un mundo máis próximo á Idade Media que aos nosos días. As carencias informativas non favorecen a necesaria matización destes conceptos, que acadan o rango de norma á vista de moitas das publicacións sobre o poboado.

Nestas construcións acadamos un achegamento real ás limitacións dun hábitat no que a supervivencia estaba determinada pola dureza do clima e as limitacións produtivas, dando lugar a un modo de vida que, dende a perspectiva urbana dos actuais visitantes, resulta sorprendente. A vida dos montañeses lucenses e leoneses era, efectivamente, dunha extremada dureza debido ao clima e ás dificultades para a cría do gando e o traballo da terra, pero non moito máis dura e complexa que en moitas outras áreas de Galicia. Trátase dun exemplo do rural galego do século XX que, sen embargo, presenta diferenzas no seu sistema produtivo, nas estratexias de adaptación ao medio e nas de reprodución social. E son eses elementos distintivos os que temos que analizar para comprender o hábitat creado e desenvolvido po-

los habitantes do Cebreiro, que ten a súa representación material nestas vivendas.

O contexto da colección: as pallozas

Ao comezar o noso traballo tivemos problemas para identificar aquelas pallozas do poboado que pasaran a ser de titularidade pública. Foron adquiridas polo Ministerio de Cultura entre os anos 1967 e 1968, mediando neste proceso, entre outros, Manuel Chamoso Lamas. Aos seus donos entregóuselles outra vivenda nova e próxima a aquelas, e nos planos do poboado realizados polo arquitecto Pons Sorolla indicábase tanto as construcións que pasan a ser de propiedade estatal como estas novas edificacións. Para verificar a correspondencia entre os diferentes nomes empregados para denominar as pallozas, así como a súa precisa localización no poboado, procedeuse a comparar esta documentación coa información aportada polo actual Garda de Monumentos do conxunto, Manuel González Gómez [véxase Fig. 1].

É posible que boa parte das pallozas montesías xa non tiveran como finalidade principal, alomenos dende mediados do século XX, a de ser espazos de habitación. Tiñanse convertido en cortes para o gando, en palleiros onde gardar as colleitas ou noutros espazos complementarios á vivenda, infraestruturas para un sistema produtivo no que a agricultura e a gandería eran a base da supervivencia. Sen embargo, os obxectos que se encontran nelas son representativos do ámbito cotián e doméstico:




Fig. 1: Plano de O Cebreiro: situación e nomes das pallozas.

a moblaxe, o enxoval, os útiles da lareira, as ferramentas, os produtos dos traballos téxtiles, etc. Ademais, carros, xugos, arados e cambelas remiten ao traballo agrícola. Polo tanto, os obxectos, malia á súa complexa ubicación xeográfica e temporal, permiten que aludamos ao momento no que tiñan un sentido utilitario, cando as pallozas eran símbolo do modo de vida montañés, e a súa arquitectura convértese así no elemento material que sintetiza a cultura e o modelo económico deste hábitat.

Ademais de campesiños e moi ao contrario do que é crenza habitual

nos seus visitantes, houbo no Cebreiro arrieiros adicados ao transporte de mercadorías a un e outro lado da montaña, existindo un intenso tráfico comercial de produtos primarios (González Reboredo, 1996, 100-110); tamén tratantes de gando, sobre todo vacún, que mercaban en Galicia e Asturias para vender nas feiras do Bierzo e León. Chegaban tamén diferentes tipos de artesáns. A existencia destas relacións comerciais contribúe a restarlle validez á idea de que O Cebreiro era un lugar illado, o que carece de sentido se temos en conta que a mesma ruta pola que viaxaban

estes produtos foi a empregada polos viaxeiros que chegaban a Galicia dende o vello Reino de León. De feito e na actualidade, a autovía que une Galicia coa Meseta discorre ao carón do poboado, cun trazado semellante ao do Camiño Real que dende finais do século XVIII unía A Coruña con Madrid (Gómez Vila, 2001).

Nestas condicións desenvolvíase un sistema productivo caracterizado pola pequena propiedade e o tamaño reducido das explotacións. A caracterización da sociedade dos Ancares galegos e polo tanto do poboado do Cebreiro pasa por ser,

segundo González Reboredo (1996, 20), o que denomina un *ecotipo paleotécnico*, unha sociedade baseada na forza humana e no instrumental agrícola, por causa da pervivencia ata hai poucas décadas do vello sistema agrario, no que procesos como o retroceso da superficie cultivada son determinantes para comprender os cambios que afectan ao hábitat e á paisaxe. Citando a Caamaño Suárez (1997, 39) «a economía que rexe a casa vai ser a que determine as características espaciais e as solucións que se decidan para a casa-vivenda e para as dependencias que se integran nela ou se incorporen á mesma». As pallozas son construcións vencelladas ao medio natural, pero tamén e sobre todo, ao sistema económico e social das montañas orientais galaicas e asturleonesas. Como afirma Gimson (1983, 24) «nunha palloza hai elementos que na moderna xerxa arquitectónica se chamarían *multifuncionais*». Efectivamente, son vivendas nas que, cos mínimos elementos, se constitúe un espazo complexo no que desenvolveren todo tipo de actividades: cocinar, alimentar ao gando, facer o pan, almacenar a herba e as colleitas..., conformándose como elementos arquitectónicos nidiamente funcionais, ao tempo que son ámbitos produtivos, e pasando a seren así representativos da sociedade que os habitou.

Este espazo está dividido en dous: o *astrago* e a *estravariza*. O astrago é o lugar de habitación das persoas, mentres a estravariza está destinada aos animais. Este feito é xa bastante significativo da relevancia do sistema produtivo no modelo cultural. Ademais, esta cohabitación

é un dos elementos de diferenciación das pallozas respecto das unidades de habitación dos castros, cos que tantas veces e tan erradamente se comparan, e ao mesmo tempo relaciona ás pallozas coas casas nas que a corte está no interior da vivenda, ao carón da cociña, e os cuartos no primeiro andar. Nas pallozas a *alcoba*, cuarto pechado con taboleiros de madeira, atópase no astrago, preto da *lareira*, principal fonte de calor e elemento central da construción, pero alí se sitúan tamén os *cortellos* para as crías do gando.

Nas pallozas xestionadas pola Xunta de Galicia recoñécense a simple vista todas estas estruturas, salvo na denominada «palloza-dormitorio» para peregrinos, xa que esta é en si mesma unha estravariza, que non conserva moblaxe nin outros elementos estruturais, agás un forno de pequenas dimensións. Trátase dun exemplo do que acontece noutras vivendas do poboado e que nos remite a cambios na funcionalidade das pallozas. Nestes casos consérvase a estravariza para empregala como corte dos animais mentres no astrago se constrúe unha nova vivenda, de dous andares, planta rectangular e a estrutura mencionada de cociña na planta baixa e cuartos no primeiro andar. Consérvase no poboado outra palloza, de propiedade privada, que se mantivo intacta, aínda que o seu dono edificou unha nova vivenda casi anexa á mesma, pasando a se converter realmente nunha construción adxectiva: corte de animais, pendello das ferramentas, almacén da herba... Na actualidade o seu estado pode calificarse de lamentable, xa que presenta goteiras por causa do deterioro do teito de colmo que, xunto coa

humidade, están a estragar a súa estrutura. Ademais, levantouse no seu interior unha divisoria de bloques de cemento, elemento que, pese a súa indubidable funcionalidade para o propietario, desvirtúa por completo a construción.

Os anteriores son bos exemplos de como o modelo construtivo, habitacional e funcional se foi modificando no poboado. Agora, ademais das pallozas, atopamos estruturas mixtas de casa de dous andares e palloza; tamén casas de dous andares exentas próximas á palloza; e incluso novas construcións con fines non habitacionais, como son o albergue de peregrinos e a oficina de información xacobeá, que dan o mellor exemplo da evolución no modelo cultural e económico, respondendo á utilidade e función que na actualidade cumpren as edificacións do poboado, é dicir, espazos para a atención aos visitantes.

A elaboración do inventario

As pezas que tratamos están, efectivamente, dentro do ámbito etnográfico. Son obxectos da vida e os traballos cotiás dos hábitats da montaña oriental galega que, na súa maior parte, formaban parte do mobiliario das pallozas no momento da súa adquisición. O inventario conta na actualidade con 256 pezas. Foi elaborado en 1992 e revisado no ano 1997, como consta nas fichas da base de datos da Consellería de Cultura e Deporte. Dado que xa transcorreran máis de cinco anos dende a esta última comprobación, era de esperar que tivéssemos problemas ao tratar de identificar as pezas e de analizar o

estado de conservación da colección. Existe outro inventario realizado arredor de 1986 polo Garda de Monumentos do poboado, que reflicte un total de 197 pezas e que consiste nunha somera listaxe feita a man e elaborada por causa do relevo do anterior Garda.

Tendo en conta esta duplicación na documentación, procedeuse a relacionar os datos e comparalos para poder localizar as coincidencias na ordenación e situación das pezas, xa que ambos, listaxe e inventario, están elaborados enumerando os obxectos existentes en cada unha das pallozas. Por outra parte, a revisión efectuada por nós en 2004 constatou o mal estado de parte das pezas da colección, polo que tivemos que considerar a posibilidade real dar de baixa algunhas delas –caso dos cobertores téxtiles–. De todos os xeitos, continúan a figurar no inventario todas elas á espera do dictame dun/ha restaurador/a que poida determinar se, pola súa valía patrimonial, poden recuperarse aínda que xa non se poidan considerar, dende logo, como material expositivo.

Outro problema que presentaba a revisión do estado da colección era a falta de calquera documentación que aportase datos sobre a procedencia das pezas. Sabemos que moitas delas formaban parte do mobiliario das pallozas, mentres outras foron recollidas por Elías Valiña Sampeiro, anterior párroco do Cebreiro, seguramente en casas da área ancaresa e zonas lindeiras relativamente

próximas ao poboado, pasando así a enriquecer a colección moble do conxunto. Sen embargo, fáltanos calquera referencia deixada por E. Valiña sobre estes obxectos, o que supón unha lagoa determinante na súa análise ao se atopar fóra do seu contexto de uso, o que dificulta tanto a elaboración do inventario coma os posibles estudos posteriores.

Como vimos de sinalar, o estado xeral no que se atopan as pezas podería considerarse de abandono. Espalladas no interior das pallozas, a maioría carecen de embalaxe individual ou de calquera outra protección, polo que a suciedade se fai presente incluso naquelas que están dentro de huchas ou caixóns, afectándolles as condicións ambientais determinadas pola precaria situación das construcións. No relativo á colección cerámica, algúns vasos non foron localizados e outros están abondo fragmentados polo que non son, en principio, aptos para incluír nunha montaxe expositiva. No caso da ámboa [nº 81] contabamos coa meirande parte dos seus anacos, o que fixo posible recuperar a peza, única e sobresaínte no conxunto da cerámica que atopamos no Cebreiro polo seu tipo, pola súa procedencia xeográfica e por ser posiblemente a única que cumpríu unha función utilitaria para os habitantes das pallozas.

A olería

Como dicimos, as pezas cerámicas que se atopan neste momento

nas pallozas do Cebreiro non cumpriron nunca, precisamente nelas, un obxectivo funcional. Xa que non coñecemos a súa procedencia, como acontece no resto do inventario, o noso traballo centrouse forzosamente na súa análise tipolóxica. O feito de que a bolsa de colaboración se desenvolvera maiormente nos meses do outono e o inverno dificultou de xeito notable o traballo in situ e determinou que nos centrásemos nas cerámicas, pezas susceptibles de ser trasladadas ao Museo do Castro de Viladonga para a súa análise formal e documental, posto que a este centro museístico lle corresponde a «tutela técnica» do ‘Museo Etnográfico do Cebreiro’ segundo o convenio de transferencias asinado no seu día entre o Estado e a Xunta de Galicia.

Con estas limitacións, tras a limpeza e o inventario das pezas cerámicas, procedeuse a estudar os seus deseños, funcións e usos. Para realizar unha descrición unificada destes materiais, na elaboración das fichas de inventario empregouse bibliografía xeral de catalogación de materiais cerámicos arqueolóxicos¹.

A análise tipolóxica é necesaria para establecer nomenclaturas e elaborar descricións formais, pero tamén aporta información que suple a falta de documentación. Dado que estas cerámicas nunca estiveron en uso nas pallozas –a excepción da ámboa [nº 81], que trataremos a continuación–, o campo *cronoloxía* aparece baleiro en moitos dos rexistros. Nalgún caso

¹ As láminas cos descritores para a cerámica do *Diccionario de materiales cerámicos* (Padilla Montoya, C., 2002, 240-244) así como o capítulo adicado á clasificación tipolóxica da cerámica en *Ensayos sobre cerámica en arqueología*, de Antonio Caro (2002, 135-164).

facemos unha aproximación baseada no posible momento de fabricación, indicador válido para datos cronolóxicos do patrimonio etnográfico. Outra aproximación neste sentido pode vir dada polo momento da súa adquisición por Elías Valiña que, sen outros datos, estableceremos na segunda metade do século XX. Pese ás referidas dificultades, poidemos incluír moitas destas pezas en tipos ben definidos, a maior parte do centro oleiro de Buño, na provincia da Coruña. Trátase de potas, cazos e tarteiras que puideron chegar a través dos circuitos comerciais que empregaban o paso de O Cebreiro cara á Meseta. Así, estamos diante de procedencias xeográficas que, en principio, non gardan relación directa co ámbito das montañas orientais galegas. Sen embargo, a súa presenza nas pallozas é posible pola existencia dun mercado do enxoval cerámico que conlevou o espallamento e a comercialización de distintos tipos de olería, difusión que no caso de Buño foi realizada polos *xalleiros*, arrieiros posiblemente responsables de que Elías Valiña puidese ter adquirido estas pezas nas feiras próximas, mesmo a do propio poboado do Cebreiro.

Nesta colección hai un elevado número de cuncas –26 en total– ás que aplicamos a denominación de *medias cuncas* por ser da medida das empregadas para comer o caldo, as papas, etc. No seu caso é aínda máis

complexo determinar a procedencia xeográfica, dado que é un tipo pouco definido e moi xeralizado, sendo moi semellantes entre si independentemente do lugar no que se fabricaran. Poden ser dos oleiros de Buño, pero non se diferencian moito, por exemplo, das que facían os barraxeiros de Samos, zona moito máis próxima ao Cebreiro. Precisarían dun traballo máis exhaustivo de comparación das pastas e das peculiaridades morfolóxicas. Pezas como as cuncas, de uso estendido tanto no rural como nas vilas e cidades, son exemplo da adaptación da produción oleira ás necesidades do mercado. No noso caso presentan, alomenos, tres tipos de barro, así como dous tamaños distintos, un arredor dos 7,5 cm. e outro sobre os 9 cm. Na súa descrición formal son semellantes, de corpo semiesférico cunha sección troncocónica aberta e sobre esta, outra elipsoidal horizontal, con base plana e borde exvasado, engrosado e redondeado.

Algo semellante ocorre coa procedencia de tres cuncas de pequeno tamaño, *tazas* ou *chiquitas*. En principio parecen corresponderse coas formas de Buño (García Alén, 1983, I, 85), o que podería determinar a década de 1930 como momento no que comeza a súa fabricación. É tamén o caso das *chocolateiras* nas que, a comezos do século XX, se empezou a introducir o borde profundo ou *de pota*, que presentan

as cinco aquí estudadas; todas elas pertencen ó tipo de *cú ancho* e foron realizadas en barro escamento, contando con asa vertical de pezón, unha delas estriada. As *tarteiras catalanas* da colección proceden tamén dos alfares de Buño; amosan fondo cóncavo, realizado mediante *desbastes*, rebaixando a base sen empregar molde. Son semellantes á tarteira ordinaria aínda que sen decoración. As tres contan con asas, que poderían servir para retiralas do forno coa axuda dun gancho.

As *potas* son vasos abertos de corpo globular ou esferoidal, rematados nunha base plana con *vía parada*. As aquí estudadas teñen borde profundo ou *de pota*, para poderlles encaixar un tello. Entre as diversas formas que presenta este recipiente contamos con *potas de can*, forma importada a principios do século XX e caracterizada pola estabilidade que, para cociñar, lle proporciona a súa ampla base. Presentan borde recto ou *de can*, coa cara interior plana e orientación vertical ou oblicua; ademais, teñen decoración de dúas ou tres franxas de *riscos* ao nivel do seu maior diámetro. Outro tipo, xa de pequenas dimensións, son as *potas do leite*, tamén chamadas *cazos*. Xeralmente eran feitos en barro branco, sendo o caso de tres recipientes da colección que, ademais responden a un mesmo tipo², cunha asa situada lateralmente respecto do bico. Outra

² Os oleiros mesturaban tipos de barro para acadar maior plasticidade na pasta. No caso de Buño eran o *barro do corpo*, que predominaba na mezcla pola súa calidade, e a *zorra*, barro desengrasante que lle dá á pasta máis manexabilidade. O barro do corpo pode, a súa vez, ser de dous tipos: o primeiro, *escamento*, de cor parda ou «teixo» cando coce, empregábase para a louza ordinaria. E o segundo ou *barro branco* ou fino, de cor amarela cando coce, que era empregado para a louza fina, xa que polo seu alto contido caolínico (ata o 60%) non podía levarse ao lume, destinándose a servir líquidos quentados previamente noutro recipiente (García Alén, 1983).

pota do leite semella ser unha forma intermedia entre chocolateira e cazo e está realizada en barro escamento, posiblemente para poder ser posta ao lume.

Unha das pezas máis salientables pola súa singularidade formal e tipolóxica é a *ámboa* [nº 81], a única da colección de olería que estivo en uso. Trátase dunha peza relacionada coas dos barraxeiros de Samos, oleiros con influencias dos de Gundibós (Sober) e os da Terra Chá. Elaboraban formas que, pese a non ser tipolóxicamente orixinais, teñen un innegable sentido funcional, cun barro de cor amarela, *rubio* ou *roxo*, de pouca calidade³. Tamén podería ser das feitas en Gundibós, ámbos de grosas paredes, asimétricas e nas que se distingue a *orella* ou borde –con *picados*– e a *barriga* ou corpo –reforzado con *vincos*–, que se apoia no *cú* ou base e conta cunha *canilla* ou *pitorro* na parte baixa. Presentan dous tipos en función da base, considerándose máis antigas as de *cú estreito*, é dicir, de configuración ovoide e base estreita, caso da aquí analizada. Dábaselles o *empegado*, unha especie de acabado cunha cubrición de piche, e eran empregadas para conter líquidos. A *ámboa* nº 81 presenta un parche deste material, mesturado con palla e outros elementos vexetais, na parte baixa do corpo, no punto no que estaría ubicado o *pitorro* e que relacionamos con cambios na súa funcionalidade.

A moblaxe

Para inventariar as pezas que compoñen a sucinta moblaxe das pallozas do Cebreiro, seguimos a clasificación de M. de Virville (1977: 140). Comezamos polos mobles contenedores, definidos como elementos para o almacenamento –do gran, da roupa, do enxoval, etc.–. En segundo lugar, distinguimos os *leitos* e os *asentos*, caracterizados porque a súa morfoloxía e medidas están en relación directa coas do corpo humano. Son mobles contenedores as *arcas*, *huchas*, *maseiras* e *artesas*, así como as *lacen*as e *louceiros*, e os *armarios*. Poden ter un ou máis corpos e, en ocasións, algunha das súas caras presentan planos abertos, como portas ou caixóns, que son habituais na moblaxe da colección.

Os *armarios* e *alacenas* son mobles contenedores, armados sobre dous marcos, un na fronte e outro na traseira, pechado con taboleiros ou paneis clavados ou parafusados. A miúdo presentan dous corpos diferentes: o inferior sobre catro patas e o superior disposto directamente sobre este. As *alacenas* empregábanse para gardar leite, alimentos, pan, etc., e adoitaban estar ao carón dos *escanos*. De feito, denomínanse tamén *alacenas* aos espazos de almacenamento aproveitando algún entrante na parede. Semellantes son os *alzadeiros*, *cunqueiros* ou *espeteiras*, pequenos mobles exentos para a louza que poden pendurarse na parede, xeralmente ao carón da lareira. Tamén son contenedores as *huchas*, caixas de

madeira accesibles pola parte superior, pechadas cunha tapa que xoga en bisagras e que se aseguran na fronte cunha pechadura; empréganse polo xeral para gardar roupa, ubicándose nos cuartos. As *arcas* en cambio son máis grandes e úsanse para gardar cereais e legumes. No caso das *arcas* e *huchas* do Cebreiro, dado que descoñecemos a ubicación orixinal das pezas e súas tipoloxías son dificilmente diferenciáveis, adoptamos a denominación de *huchas* para todos os mobles contenedores destas características. En cambio, as *artesas* son caixas para a preparación da masa do pan, constituídas por unha peza trapezoidal sobre catro patas altas; teñen unha funcionalidade concreta, e esta especificidade reflíctese tamén na súa morfoloxía.

Escanos e *bancos* son algúns dos mobles de asento desta colección. Os primeiros tiveron, na súa maioría, mesa de alzar, aínda que moitos deles a perderon, mentres outros están moi deteriorados. En canto aos *leitos* a colección inclúe cinco *camas* e dous *berces*, que xenéricamente poden describirse como dúas pezas, ou *testas*, xunguidas perpendicularmente nun marco do tamaño da persoa deitada, que presenta uns taboleiros a modo de piso. No caso do *berce* [nº 180] este piso está realizado mediante un entramado de cordas (Lorenzo Fernández, 1979, 161). Os *leitos* materializan a estratificación no núcleo familiar, xa que só eran usados pola parella cabeza de familia, mentres o resto dos habitantes da

³ Estes fornos deixaron de funcionar, segundo García Alén (1983, I, 234) na década dos 40 do s.XX.

palloza durmía en escanos ou incluso no caízo. A denominación «leito» aplícase tamén a unha estrutura de taboleiros coa parte superior aberta e unha porta para acceder ao seu interior, que no caso da palloza «dos ingleses» está ao carón da lareira. Na palloza «museo» o leito ou cuarto é un espazo illado no astrago pechado por paredes de pedra, con porta faldadeira, que conta cunha cama, unha hucha e un berce.

O téxtil

A colección do Cebreiro conta cunha considerable cantidade de pezas vencelladas aos traballos téxtiles. Aparecen representadas tanto as ferramentas dos diferentes procesos para a preparación da febra, caso das *mazadeiras*, a *tasca* e os *restrelos*, ata aquelas para a elaboración do fio, como dúas *rodas de fiar* de pedal e un *caneleiro*. O inventario inclúe un *tear* [nº 211] do que a día de hoxe, por causa do deterioro no colmo, só quedan algúns elementos. Pese a esta situación, entre as que se conservan son salientables catro mazadeiras compostas dunha peza de madeira con estrias na que se inserta un pao a modo de mango. Resulta ser este un tipo que, case con seguridade, non está documentado no téxtil galego, sendo habituais as mazas ou os trillos –ou mazos– para realizar este traballo. Asemade, localizamos os cobertores que figuran no inventario –mantas, farrapeiras, xergóns e unha colcha–, exemplos da produción téxtil rural que se atopan bastante estragados, o que impide que poidamos consideralos posible material expositivo.

Outras pezas

Polo método do traballo de recolleita de Elías Valiña, algunhas pezas que forman parte da colección están fóra do contexto ao que pertenceron. Consideramos que, dado que non son obxectos de uso polos habitantes das pallozas, merecen unha atención ao marxe do inventario dos bens susceptibles de aportar información do hábitat e o modo de vida ancárs. Trátase en concreto de varios obxectos litúrxicos, coma unha cruz procesional e un hostiario, así como unha hucha coa fronte tallada que, segundo informacións de anticuarios, podería ser do século XVII. Hai tamén un fol para a lareira, que tampouco pertencería á moblaxe das pallozas, xa que pode facer que o lume prenda na palla de centeo –o colmo– do teito. Asemade, hai na colección un *catillus* ou peza superior dun muíño de man circular. Un farol e un candil, ámbolos dous de metal, carecen de documentación que determine a súa procedencia e imposibilitáanos considerar se foron ou non empregados nestas vivendas.

Conclusións

Á vista do exposto, pensamos que as pallozas do Cebreiro precisan dun traballo de recuperación das súas estruturas e materiais para poder recibir a denominación de conxunto etnográfico. Tanto as instalacións como a colección moble requiren das intervencións necesarias para a súa rehabilitación como ben cultural, imposibilitada ata o de agora polo abandono administrativo, que atrancou tamén calquera traballo de inventario, catalogación ou restau-

ración das pezas, e que repercutiu tan negativamente nos traballos de recepción e atención aos visitantes. Polo seu valor simbólico e polo elevado número de visitas que recibe, o campo da difusión é fundamental para a posta en valor do conxunto, que precisa dunha tarefa explicativa permitindo que o visitante sexa quen de valorar este lugar na súa singularidade, acceda ao coñecemento dos bens de maneira efectiva e, en xeral, comprenda o valor patrimonial dos hábitats da montaña oriental galega, o que repercutiría sen dúbida nun maior respecto por estes aspectos da nosa cultura.

BIBLIOGRAFÍA

- ABELLA, Ignacio (Basajaun/Madreselva) (1985): *El hombre y la madera*, revista Integral –monográfico–, Barcelona.
- ARMINJON, Catherine; BLONDEL, Nicole (coords.) (1984): *Objets civils domestiques. Principes d'analyse scientifique*, Ministère de la culture, Paris, Imprimerie Nationale.
- BRANDO CASTILLO, Mariana; GONZÁLEZ ARPIDE, José Luis (1990): *Alfarería popular leonesa*, Diputación Provincial de León, León.
- CAAMAÑO SUÁREZ, Manuel (1997): «A casa-vivenda». in: X. M. González Reboredo (coord.): *Arquitectura. Economía*, tomo XXIII, A Coruña: Hércules, 1997. pp.: 26-191.
- CARO BELLIDO, Antonio (2002): *Ensayos sobre cerámica en arqueología*, Ed. Agrija, Sevilla.

- CORTÉS VÁZQUEZ, Luis (1987): *Alfarería popular del Reino de León*, Salamanca.
- FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, J.R. (1978): *Etnografía del valle de Ancares. Estudio lingüístico según el método «Palabras y Cosas»*. in: «Verba, anuario gallego de filología», anexo 10, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.
- FERNÁNDEZ, Valentín (dir.) (1972): *El Museo Etnográfico de O Cebreiro preservará el acervo arqueológico de la zona*. in: «Galicia. Revista del Centro Gallego de Buenos Aires», nº 585, maio-xuño, Bos Aires. pp.: 35-36.
- GARCÍA ALÉN, Luciano (1983): *La alfarería de Galicia. Un estudio a través del testimonio cultural de las vasijas y de los alfareros campesinos*, tomos 1 e 2, Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña.
- GÓMEZ VILA, Javier (2001): *Leguas e leguarios no Camiño Real de acceso a Galicia*. in: «Lucensia», nº 23, vol. XI, Biblioteca do Seminario Diocesano, Lugo.
- GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio (1991): *Antropología y etnografía de las proximidades de la Sierra de Ancares*, vol. II, Servicio de publicacións da Deputación Provincial de Lugo, Lugo. GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé M.; GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio (1996): *Sociedade e tecnoloxía tradicionais do Val de Ancares*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.
- GONZÁLEZ REBOREDO, J. Manuel; RODRIGUEZ CAMPOS, Joaquín (1990): *Antropología y etnografía de las proximidades de la Sierra de Ancares*, vol. I, Servicio de publicacións da Deputación Provincial de Lugo, Lugo.
- GIMSON, Mark (1983): *As pallozas*, Galaxia, Vigo.
- LLANO CABADO, Pedro de (1989): *Arquitectura popular en Galicia. A casa-vivenda e as serras*, t. 1, Publicacións do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia [COAG], Santiago de Compostela.
- LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín (1979): «Etnografía. Cultura material». in: Otero Pedrayo, R. (dir.): *Historia de Galiza*, vol. II, Akal, Madrid.
- PADILLA MONTOYA, C.; MAICAS RAMOS, R.; CABRERA BONET, P. (2002): *Diccionario de materiales cerámicos*, Secretaría de Estado de Cultura, Ministerio de Educación, Cultura y Deportes, Madrid.
- VIRVILLE, M. de (dir.) (1977): *Système descriptif des objets domestiques français*, Musée national des arts et traditions populaires, Centre d'ethnologie française, Paris